



QUE É O PUNTO LARANXA?

É un espazo para que o alumnado poida **comunicar situacións de acoso escolar de xeito anónimo**, tanto en formato papel (caixa situada no *hall* de E. Primaria) como en formato dixital (páxina web do centro).

As comunicacións realizadas a través do formulario irán a un enderezo habilitado para a coordinación de convivencia do colexio.

POR QUE USALO?

- Porque che permite expresar o que che está a acontecer sen medo a represalias.
- Porque a túa denuncia será escoitada e tomaranse medidas para axudarche.
- Porque non tes que sufrir en silencio.

COMO FUNCIONA O PUNTO LARANXA?

Se estás a sufrir acoso ou ciberacoso escolar ou coñeces algún posible caso, **axúdanos a paralo!**

1. Escribe de maneira anónima a túa mensaxe nun lugar onde te sintas seguro/a.
2. Localiza o Punto Laranxa no teu centro (*hall* de E. Primaria.)
3. Deposita na caixa do Punto Laranxa a túa mensaxe (esta caixa só pode ser aberta polo equipo docente encargado de loitar contra o acoso escolar no teu centro).

Lembra que tamén podes achegar a túa mensaxe a través do Punto Laranxa Virtual que tes no lateral dereito da páxina web do colexio.

LEMBRA!

- O Punto Laranxa é **anónimo**.
- A túa denuncia será tratada con **confidencialidade**.
- Hai persoas que **te queren** e te apoian.